



INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET) (Expte: MA-M-02-2019)

Pola Dirección Xeral do Instituto de Estudos do Territorio achégase escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta do 28 de marzo de 2019, no que se solicita informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET).

Xunto coa petición de informe achégase a memoria funcional e económica e as actas previas de negociación coas organizacións sindicais correspondentes ás reunións do 18 de febreiro e 4 de marzo de 2019.

Á vista do expediente recibido, o 10 de maio de 2019 esta dirección xeral da Función Pública remite escrito ao IET co obxecto de que se proceda a realizar unha serie de axustes e modificacións na proposta, de conformidade coa nova Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O día 31.05.2019 recíbese proposta consolidada cos cambios indicados.

Non consta no expediente, segundo o disposto no artigo 41.2.E.a) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa á presente proposta de modificación da RPT.

De conformidade co establecido no artigo 22.2 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, emítase o seguinte:

INFORME:

Primeiro.- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) foi creado pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Mediante o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, aprobanse os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2012).

O Instituto de Estudos do Territorio conta con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia. En todo caso, quédanlle reservadas ao persoal funcionario as funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións públicas, así como aquelas que se determinen na normativa aplicable en materia de emprego público.

Segundo.- A vixente relación de postos de traballo foi aprobada mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de maio de 2012 polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (DOG núm.97 do 23 de maio de 2012). Corrección de erros (DOG núm.122 do 27 de xuño de 2012).



Posteriormente, esta RPT foi modificada polos seguintes Acordos:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do do 29 de xuño de 2012, (DOG núm. 125 do 2 de xullo).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2013 (DOG núm. 90 do 13 de maio).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de xuño de 2013, (DOG núm. 118 do 21 de xuño).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 (DOG núm. 114 do 17 de xuño).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de maio de 2015 (DOG núm 97 do 26 de maio).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de decembro de 2015 (DOG núm. 242 do 21 de decembro).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de abril de 2016 (DOG núm. 83 do 2 de maio).

Terceiro.- A proposta da modificación da RPT formulada incide basicamente, nos seguintes puntos:

- 1.- A refundición nun so texto de todas as modificacións aprobadas ata a actualidade.
- 2.- Adáptanse os postos de traballo aos Corpos/escalas previstos nas disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia. Esta adaptación supón a eliminación dos méritos e titulacións de moitos postos ao considerar que, como regra xeral, para a correcta execución das funcións destes postos abonda coa titulación e méritos esixidos para pertencer ao grupo/subgrupo correspondente, avaliados nos procesos selectivos de acceso aos mesmos.
- 3.- Engádesse a columna correspondente á área funcional na que, no seu caso, se incardina o posto de traballo, segundo a Orde da Consellería de Facenda, do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da comunidade autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm. 90, do 11 de maio), segundo proposta confirmada pola consellería
- 4.- Adáptase a forma de provisión de postos por libre designación e concurso específico, ao previsto na Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 4 de marzo) pola que se ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo, e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre



designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- Atención ás novas necesidades do IET:

- Elimínase a "xornada de mañá ou tarde" que figuraba en sete postos, por non darse o caso na actualidade.
- Créanse postos necesarios
- Suprímense postos que non se adaptan as necesidades actuais.

Cuarto- Ademais destas adaptacións xerais, a presente proposta realiza as seguintes variacións:

a) Amortizacións.

Suprímense os seguintes postos de persoal funcionario que están vacantes e desocupados:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CAT.
MA.031.00.000.15770.019	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.031.00.000.15770.021	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.031.00.000.15770.022	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.031.00.000.15770.135	TITULADO/A GRAO MEDIO	II	7

b) Creacións:

De postos de persoal funcionario:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CAT.
MA.031.00.001.15770.004	XEFE DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	A2-C1-C2	18
MA.031.00.002.15770.003	XEFE DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	A2-C1-C2	18
MA.031.00.000.15770.023	POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16

Entre as creacións cómpre facer constar a creación dun posto de traballo, co código: MA.031.00.000.15770.023, derivado da execución dunha sentenza firme do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, P.O: nº 689/2010 a favor da traballadora Mónica M. Fernández López.

Este posto de traballo deberá configurarse dependendo da natureza das funcións que desenvolve: Escala/especialidade de Enxeñeiro Técnico Forestal, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 que establece o seguinte:

“Relacións de postos de traballo

Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que



este vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcional ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.

Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación propoñeráse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, logo de se crear o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellarías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas”.

Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

Na columna de observacións da RPT faise constar a observación de ocupado por persoal laboral indefinido non fixo.

Estes postos proveranse ben a través dos sistemas de provisión legalmente establecidos ou ben a través da oferta pública de emprego.

c) Modificacións:

As modificacións de postos de traballo do organismo, referidas tanto á denominación, centro de destino, código, grupo, titulación e formación específica, están reflectidas no Anexo de equivalencias que se incorpora a este informe.

Entre as modificacións operadas por esta proposta de RPT cabe destacar as seguintes:

- MA.O31.00.000.15770.005 Xefatura Sección Xestión administrativa

Engádeselle unha das áreas funcionais que ten relación coas súas funcións:

- Económico -orxamentaria (ECO)

Pasa a depender organicamente do Servizo de Xestión, de acordo coa realidade actual.

- MA.O31.00.000.15770.013 Posto base subgrupo A1
- MA.O31.00.000.15770.015 Posto base subgrupo A1

Estes postos créanse no seu día en execución de dúas sentenzas. Mantéñense para escala Xeral.

- MA.O31.00.000.15770.016 Posto Base A1

Posto creado no seu día en execución de sentenza. Elimínanse as titulacións e



modifícase a escala que pasa a ser de Administración Xeral.

- MA.O31.00.001.15770.010 Xefatura Servizo Xestión

Modifícase a forma de provisión que pasa a ser concurso específico

Engádeselle unha das áreas funcionais que ten relación coas súas funcións:

- Económico - orzamentaria (ECO)

- MA.O31.00.001.15770.020 Xefatura Servizo Xurídico - Administrativo

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico

Ábrese ao subgrupo A2.

Engádenselle as áreas funcionais que teñen relación coas súas funcións:

- Técnico-xurídica (XUR)

- MA.O31.00.003.15770.010 Xefatura Servizo de Estudos

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícase o subgrupo: pasa a ser A1.

Modifícanse as escalas para adaptalas as súas funcións:

- Escala de enxeñeiros agrónomos (ESE2)

- Escala de enxeñeiros de montes (ESE5)

- Escala de arquitectos (ESA)

- MA.O31.00.003.15770.020 Xefatura Servizo de Coordinación e Información Territorial

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícanse as escalas para adaptalas as súas funcións:

- Escala de enxeñeiros (ESE)

- Escala de enxeñeiros técnicos (EME)

- MA.O31.00.003.15770.030 Xefatura Servizo de Planificación da Paisaxe

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícase o subgrupo: pasa a ser A1

Modifícanse as escalas para adaptalas as súas funcións:

- Escala de enxeñeiros agrónomos (ESE2)

- Escala de enxeñeiros de montes (ESE5)

- Escala de arquitectos (ESA)



De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, este centro directivo **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET), procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Incorpórase a este informe o Anexo da RPT, así como as memorias funcionais e económica remitida.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

O director xeral da Función Pública

Jose María Barreiro Díaz